



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:oficinas.concellodearbo@gmail.com

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE CARTEIS DA “LXVI FESTA DA LAMPREA”: CATEGORÍA LIBRE CELEBRADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2026.

Á vista das bases do concurso de carteis da “LXVI Festa da Lamprea”: Categoría Libre aprobadas pola Alcaldía por resolución nº 473/2025 de 06.10.2025 para deseñar o cartel para “LXVI Festa da Lamprea” promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio que terá lugar os días 24, 25 e 26 de abril de 2026.

Reunidos o día **7 de xaneiro de 2026, ás 12:30 h.**, os membros do xurado que a seguido se relacionan designados por Resolución da Alcaldía nº 615/2025 de data 15.12.2025:

- Raimundo Vieitez Rodríguez, en representación de Bar Esmorga.
- Isidro Dominguez González, en representación de Adega Eido Novo.
- Ines Iglesias Alonso, en Representación da Asociación Cultural Evaristo de Sela.
- Patricia Fernández, en representación da Comunidade de Montes de Mourentán.
- Teodoro De Francisco Antes, Arquitecto Municipal do Concello de Arbo.
- Carlos Rodríguez Fernández.

Secretaria: María del Mar Gil Rodríguez, por delegación do secretario Jorge Moreno Martín Caloto, que terá voz pero non voto.

Xurado da Exposición de Arte e Escultura de Arbo
1 de 4



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:oficinas.concellodearbo@gmail.com

Tamén asistiu, con voz pero sen voto, en representación do Concello de Arbo, o Sr. Alcalde Horacio Gil Expósito.

Ausentes:

- María Saladina Alonso Fernández.
- Francisco Baena González.

Tendo en conta que nas bases se establecen tres premios:

1º Premio: 1.000,00 euros.

2º Premio: 600,00 euros.

3º Premios: 400,00 euros.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas o 29.12.2025, preséntanse en prazo dezasete (17) propostas.

Tras o exame das propostas de cartel presentadas en prazo, o xurado acorda INADMITIR dúas (2) proposta ao non cumprir os requisitos fixados nas bases de participación no concurso:

- ANO INCORRECTO
- DATAS INCORRECTAS

Unha vez examinadas por parte dos membros do xurado as propostas presentadas e admitidas, e tras establecer o resultado da súa valoración en base aos criterios fixados nas bases e relativos á creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento, resultan os tres carteis premiados, procedendo á apertura dos sobres pechados nos que figuran os nomes e

Alcalde do Concello de Arbo

Horacio Gil Expósito
2 de 4



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:oficinas.concellodearbo@gmail.com

identificación dos autores dos mesmos, sendo o resultado o seguinte e pola orde que se reflicte:

PRIMEIRO PREMIO: Ruben Lucas Garcia de Murcia. Lema da obra: “Unha Homenaxe as Mulleres”

SEGUDO PREMIO: Ruben Lucas Garcia de Murcia. Lema da obra: “As Miñas Raices”

TERCEIRO PREMIO: Juan Ignacio Montenegro Ruiz de Vigo. Lema da obra “Lamprea de Arbo”

De acordo coas bases, as propostas presentadas e premiadas quedarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 8.12.2026, sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.

Raimundo Vieitez Rodríguez, en representación de Bar Esmorga.

Isidro Dominguez González, en representación de Adegas Eido Novo.

Alcalde do Concello de Arbo
Horacio Gil Expósito



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:oficinas.concellodearbo@gmail.com

Ines Iglesias Alonso, en Representación da Asociación Cultural Evaristo de Sela.

Patricia Fernández, en representación da Comunidade de Montes de Mourentán.

Carlos Rodríguez Fernández.

Teodoro De Francisco Antes, Arquitecto Municipal do Concello de Arbo.

Horacio Gil Exposito. Alcalde do Concello de Arbo

María del Mar Gil Rodríguez, Secretaría por delegación do Concello de Arbo